

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenación e imposición das seguintes Ordenanzas fiscais :

- **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola participación en probas selectivas do Concello de Valdoviño.**

Na súa virtude, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa : Necesidade e Oportunidade da súa aprobación: De conformidade co previsto no TRLRFL, as Entidades Locais disporán de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins, recursos entre os que se atopan os tributos propios, e faise necesario a imposición dunha taxa. Constitúe o feito imponible da mesma a actividade técnica e administrativa conducente a selección de persoal polo Concello..
- Obxectivos da norma : Cubrir o custo da actividade ou do servizo que constitúe o feito imponible.

Valdoviño, a 28 de febreiro de 2020.

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández.